



**SUBSIDIO POR DESEMPREGO
DE MAIORES DE 52 AÑOS.
RÉXIME ESPECIAL DO MAR.**



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE INCLUSIÓN, SEGURIDAD SOCIAL
Y MIGRACIONES

SECRETARÍA DE ESTADO
DE LA SEGURIDAD SOCIAL
Y PENSIONES



INSTITUTO SOCIAL
DE LA MARINA



INSTITUTO SOCIAL DE LA MARINA



INDICE

INTRODUCCIÓN.....	5
¿EN QUE CONSISTE O SUBSIDIO DE DESEMPREGO PARA MAIORES DE 52 ANOS?	7
¿QUE REQUISITOS ESPECÍFICOS ESÍXENSE?	7
DURACIÓN E CONTÍA	9
PAGO.....	10
QUE DOCUMENTACIÓN DEBO ACHEGAR?	10
¿CANDO SOLICITO O SUBSIDIO?	11
¿ONDE PRESENTO A SOLICITUDE?	13
COMPATIBILIDADE E INCOMPATIBILIDADE DO SUBSIDIO	13
SUSPENSIÓN E EXTINCIÓN DO SUBSIDIO	14
RELACIÓN DAS DIRECCIÓNS PROVINCIAIS DO INSTITUTO SOCIAL DA MARIÑA	18



INTRODUCCIÓN

Mediante o Real Decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, modificouse a regulación do subsidio para maiores de 52 anos contida no entón vixente texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social de 1994, elevando a idade de acceso aos 55 anos, reducindo a súa duración dende a idade legal de xubilación ata o momento en que se puidese ter acceso á pensión contributiva de xubilación en calquera das súas modalidades, e rebaixando tamén á cotización dende o 125 por cento ao 100 por cento do tope mínimo de cotización vixente en cada momento.

A Lei de Emprego aprobada polo Real Decreto Legislativo 3/2015, do 23 de outubro, establece como un dos obxectivos da política de emprego asegurar políticas adecuadas de integración laboral dirixidas a aqueles colectivos que presenten maiores dificultades de inserción laboral, citando en especial aos maiores de 45 anos. Así, a protección das situacións de desemprego -aspecto esencial da política de emprego- das persoas maiores de 52 anos reviste un carácter prioritario para garantir tanto a protección actual deste colectivo tan vulnerable, como a futura pois este subsidio incide directamente na contía da futura pensión de xubilación.

Desde xeito o Real Decreto-lei 8/2019, do 8 de marzo, de medidas urxentes de protección social e de loita contra a precariedade laboral na xornada de traballo, contempla a modificación da regulación do subsidio por desemprego para maiores de 55 anos, agora contida no Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, en seis aspectos:

- Redución da idade de acceso de 55 a 52 anos.
- Supresión do requisito de ter cumprida a idade de 52 anos no momento do feito causante do subsidio, permitindo o acceso cando se cumpra esa idade.
- Incremento da súa duración máxima, de modo que agora percibirase ata o cumprimento da idade ordinaria de xubilación.

- Eliminación da consideración das rendas da unidade familiar para o acceso ao subsidio.
- Incremento da contía pola continxencia de xubilación durante a percepción do subsidio do 100 ao 125 por cento do tope mínimo de cotización vixente en cada momento.
- Eliminación das porcentaxes aplicables á contía do subsidio cando provén dun traballo desenvolvido a tempo parcial.

Coa presente guía, o Instituto Social da Mariña, como Entidade Xestora do Réxime Especial de Seguridade Social dos Traballadores do Mar, quere difundir e dar a coñecer ás persoas traballadores do mar que se puideran atopar en situación de vulnerabilidade pola súa idade e as súas dificultades para atopar un emprego, as melloras introducidas no subsidio por desemprego de maiores de 52 anos de idade.



¿EN QUE CONSISTE O SUBSIDIO POR DESEMPREGO PARA MAIORES DE 52 ANOS?

É unha prestación asistencial e ten como obxecto complementar a protección da prestación de carácter contributivo nas situacións de desemprego. Consta dunha prestación económica e o abono á Seguridade Social da cotización para a xubilación.

¿QUE REQUISITOS ESPECÍFICOS ESÍXENSE?

1. Estar en desemprego.
2. Ter 52 anos ou mais na data de solicitude.
3. Estar rexistrado ou rexistrada como demandante de emprego durante un mes dende que se esgote a prestación por desemprego que vostede estaba percibindo, ou dende a data de rexistro como demandante de emprego se se accede ao subsidio por ser emigrante retornado, liberado ou liberada de prisión ou por revisión da incapacidade, e non rexeitar durante ese mes ningunha oferta de colocación adecuada, nin negarse a participar, salvo causa xustificada, en accións de promoción, formación ou reconversión profesional. A inscrición deberá manterse durante todo o período de percepción do subsidio.
4. Carecer de rendas propias de calquera natureza que en cómputo mensual sexan superiores ao 75 % do salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias. Se non cumprixe este requisito na data do feito causante, poderá acceder ao subsidio se o cumpre e acredítalo dentro dun prazo dun ano dende entón. En todo caso, o cumprimento desde requisito deberá manterse durante todo o período de percepción do subsidio.
5. Cotizar por desemprego durante un mínimo de seis anos ao longo da súa vida laboral.

Para iso teranse en conta todas as cotizacións efectuadas pola devandita continxencia, en calquera Réxime da Seguridade Social, en países pertencentes ao Espazo Económico Europeo

ou cos que exista convenio de totalización de períodos para a protección por desemprego.

6. Acreditar que na data do feito causante en na da solicitude do subsidio reúne todos os requisitos, salvo a idade, para acceder a calquera tipo de pensión contributiva de xubilación.
7. Estar incluído nalgún dos supostos seguintes:
 - Esgotar unha prestación contributiva de desemprego, sen que sexa esixible ter responsabilidades familiares.
 - Estar en situación legal de desemprego e non ter dereito a prestación contributiva por desemprego por non cubrir o período mínimo de cotización (doce meses), sempre que cotizasen, polo menos, tres meses.
 - Ser emigrante retornado a España, debe traballar no estranxeiro como mínimo 12 meses nos últimos seis anos, dende a súa última saída de España, en países non pertencentes á Unión Europea (UE) ou ao Espazo Económico Europeo (EEE) e non ter dereito á prestación contributiva por desemprego.
 - Ser liberado ou liberada de prisión sen dereito á prestación contributiva por desemprego, cando a privación de liberdade fose por tempo superior a 6 meses.
 - Ser declarado ou declarada plenamente capaz ou persoa con incapacidade permanente parcial como consecuencia dun expediente de revisión por melloría da situación de gran invalidez, incapacidade permanente absoluta ou incapacidade permanente total para a profesión habitual.
8. Se na data na que se atope algúns dos supostos anteriores non cumprise a idade de 52 anos pero dende devandita data permanecese rexistrado ou rexistrada ininterrompidamente como demandante de emprego nos servizos públicos de emprego, poderá solicitar o subsidio cando cumpra esa idade. Considerase cumprido o requisito de inscrición interrompida cando cada unha das posibles interrupcións na inscrición

como demandante de emprego tivese unha duración inferior a 90 días, non computándose os períodos que correspondan á realización dunha actividade por conta propia ou allea. No caso da persoa traballadora por conta allea non poderá acceder ao subsidio cando o cesamento no último traballo fose voluntario.

9. Cumprir o compromiso de actividade, que está incluído na solicitude do subsidio.
10. Non ter a condición de persoa traballadora fixa descontinua.
11. Non extinguir o último dereito a protección por desemprego recoñecido por imposición de sanción firme.



DURACIÓN Y CUANTÍA

A duración será ata que vostede alcance a idade ordinaria que se lle esixa para ter dereito á pensión contributiva de xubilación no sistema da Seguridade Social. Os efectos da pensión de xubilación se retrotraerán á data de extinción do subsidio por cumprimento da idade de xubilación. Para iso a solicitude de xubilación debe producirse no prazo dos tres meses seguintes á resolución da extinción. Noutro caso, terá unha retroactividade máxima de tres meses dende a solicitude da pensión.

A contía mensual do subsidio por desemprego é igual ao 80 % do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM). 420,27€/mes, durante 2020

A Entidade Xestora ingresará as cotizacións á Seguridade Social correspondente á xubilación. A base de cotización por xubilación será o 125 por cento do tope mínimo de cotización vixente en cada momento. Ditas cotizacións teranse en conta para o cálculo da base reguladora da pensión de xubilación e para a porcentaxe aplicable á mesma, así como para completar o tempo necesario para o acceso á xubilación anticipada.

PAGO

Realizarase por mensualidades de 30 días, entre os días 10 e 15 do mes inmediato seguinte ao que corresponda a devindicación. Efectuarase mediante o abono na conta da entidade financeira que vostede indique, sempre que sexa titular da mesma.

¿QUE DOCUMENTACION DEBO ACHEGAR?

A documentación que debe achegar é a seguinte:

- Modelo oficial de solicitude.
- Documento de identificación da persoa solicitante, para comprobar os datos bastará con amosar un dos seguintes documentos:
 - Españóis e españolas: Documento Nacional de Identidade (DNI) ou pasaporte.
 - Estranxeiras e estranxeiros residentes en España:
 - Nacionais da Unión Europea: Certificado de rexistro de cidadán/a da Unión Europea no que consta o NIE, xunto co pasaporte ou documento identificativo no seu país de orixe.
 - Non nacionais da Unión Europea: Tarxeta de Identidade de Estranxeiros/as (TIE) na que consta o NIE, e o pasaporte.

- Calquera documento bancario no que figure o número de conta da que vostede sexa titular e onde desexe percibir a prestación.
- Soamente se o Instituto Social da Mariña solicita, o xustificante de rendas.

Para manter o dereito ao subsidio, debe xustificar que segue cumprindo o requisito de carencia de rendas propias. Para iso, debe presentar ante o Instituto Social da Mariña unha declaración das súas rendas cada doce meses, a contar dende a data do nacemento do dereito ao subsidio ou dende a data na que o renovou por última vez. O prazo para presentar esta declaración é de 15 días a partir de aquel no que se cumpran os doce meses.

Se non presenta esta declaración no prazo indicado, interromperase o pago do subsidio e da cotización á Seguridade Social.

Se presenta a declaración fora de prazo, renovarase o cobro do subsidio, pero con efectos dende a data na que entrega dita declaración.

As persoas traballadoras que perciban o subsidio de maiores de 52 anos poderán firmar un Convenio Especial, a través das Direccións Provinciais do Instituto Social da Mariña, para completar a cotización por xubilación que efectúe durante a percepción do subsidio por desemprego para maiores de 52 anos.

¿CANDO SOLICITO O SUBSIDIO?

Poden darse varios supostos:

1. Se ten 52 anos ou mais debe solicitalo no prazo dos 15 días hábiles seguintes a aquel no que cumpra o prazo de espera dun mes ou acredite situación legal por desemprego por cesar involuntariamente nun traballo, acreditando un período de ocupación superior a 90 días e inferior a 360.

Nestes casos, solicitado o prazo, o subsidio para maiores de 52 anos nacerá a partir do día seguinte a aquel en que se cumpra o mes de espera ou a partir do día seguinte ao da situación legal de desemprego.

2. Se non ten cumprida a idade de 52 anos, deberá presentar a solicitude dentro do prazo dos 15 días hábiles seguintes ao cumprimento da devandita idade, sempre que ata entón mantívose rexistrado ou rexistrada como demandante de emprego.

Se cando cumpra dita idade está a percibir calquera outro subsidio, este quedará extinguido e recoñecerase o subsidio para maiores de 52 anos.

En ambos casos, solicitado o prazo, o dereito nacerá a partir do día seguinte a aquel en que se cumpran 52 anos.

3. Cando non se cumpra o requisito de carencia de rendas na data do feito causante (a data na que se cumpra o prazo de espera dun mes ou se produza a situación legal de desemprego, ou a de esgotamento do dereito semestral, ou a de finalización da causa de suspensión ou a data de cumprimento dos 52 anos se non os tiña na data de atoparse nalgún dos supostos de acceso a un subsidio), sempre que reunise o resto dos requisitos esixidos incluído o de ter 52 anos na data do feito causante, poderá acceder ao subsidio para maiores de 52 anos se cumpre e acredita a carencia de rendas dentro do prazo dun ano dende a data do feito causante, nese caso poderá obter o subsidio a partir do días seguinte ao da súa solicitude.



¿ONDE PRESENTO A SOLICITUDE?

Pode presentar a solicitude a través de:

- A sede electrónica do SEPE.
- En calquera oficina do Instituto Social da Mariña mais próxima ao seu domicilio.
- En calquera oficina de rexistro público.
- Por correo administrativo.

COMPATIBILIDADE E INCOMPATIBILIDADE DO SUBSIDIO

Compatibilidade

A percepción do subsidio de desemprego será compatible con:

- O traballo retribuído por conta allea a tempo parcial, se o traballador opta por manter o subsidio minorado na súa contía na mesma proporción que a xornada que realice.
- A indemnización que proceda por extinción do contrato de traballo.
- A pensión de xubilación parcial e as pensións ou as prestacións de carácter económico da Seguridade Social que fosen compatibles co traballo que orixinou a prestación ou o subsidio por desemprego.
- Coas bolsas e axudas que se obteñan pola asistencia a accións de formación ocupacional ou para realizar prácticas en entidades públicas ou privadas que formen parte do plan de estudos e prodúzanse no marco de colaboración entre as devanditas entidades e o centro docente de que se trate.
- Coa realización de traballos de colaboración social.
- Coas prestacións da Seguridade Social por fillo a cargo.
- Co exercicio por elección ou designación de cargos públicos ou sindicais retribuídos que supoñan dedicación parcial.

Incompatibilidade

A percepción do subsidio de desemprego é incompatible:

- Coa obtención de rendas por calquera natureza superiores, en cómputo mensual, ao 75 % do SMI, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.
- Co traballo retribuído por conta allea a tempo completo.
- Co traballo por conta propia.
- Coas actividades de investigación ou cooperación retribuídas que supoñan dedicación exclusiva. Co exercicio por elección ou designación de cargos públicos ou sindicais ou altos cargos da Administración, retribuídos, que supoñan dedicación exclusiva.
- Coas pensións ou prestacións de carácter económico da Seguridade Social, tanto de nivel contributivo como non contributivo, salvo as citadas no apartado de compatibilidade.
- Coa actividade da reserva retribuída, á que se refire o Real Decreto 1691/2003, do 12 de decembro polo que se aproba o Regulamento de acceso e réxime dos reservistas voluntarios.
- Con calquera outra situación que implique o dereito a percepcións económicas de carácter público como substitutivas das retribucións deixadas de percibir polo cesamento na actividade manténdose un vínculo administrativo ou laboral.

SUSPENSIÓN E EXTINCIÓN DO SUBSIDIO

Suspensión do subsidio por desemprego

A suspensión do dereito supón a interrupción do abono de prestacións económicas e de cotización, e non afectará ao período da súa percepción salvo no caso de sanción, e as causas que o motivan son:

- Por imposición de sanción por infraccións leves e graves durante o período que corresponda. Se finalizado o período de sanción o beneficiario non se atopase rexistrado como demandante de emprego, a continuación do subsidio

requirirá a súa previa comparecencia ante a entidade xestora acreditando dita inscrición.

- Durante a situación de nacemento e coidado de menor.
- Cumprimento de condena que implique privación de liberdade, salvo que o traballador teña cargas familiares e non dispoña de renda familiar algunha, cuxa contía exceda do Salario Mínimo Interprofesional, en cuxo caso continuará percibindo o subsidio previa solicitude do interesado.
- Realización dun traballo por conta allea inferior a 12 meses, ou dun traballo por conta propia de duración inferior a 60 meses no Réxime Especial dos Traballadores Autónomos ou no Réxime Especial de Traballadores do Mar. Tamén se suspende se o traballo por conta propia foi inferior a 24 meses, sendo indiferente que se deu de alta como persoa traballadora por contra propia dentro dalgúns dos réximes da Seguridade Social.
- Cando continúe prestando servizos ou non os preste por vontade da empresa, nos casos en que unha sentenza declare a improcedencia ou nulidade do despido e o empresario ou a empresaria opte pola súa readmisión e interpoña algún recurso, mentres dure a tramitación do recurso. Tamén se suspende no caso de que sexa a persoa traballadora quen opte pola readmisión e interpoña o recurso.
- Traslado de residencia ao estranxeiro para a procura ou realización dun traballo, perfeccionamento profesional ou cooperación internacional por un período continuado inferior a doce meses, sempre que a saída estea previamente comunicada e autorizada pola entidade xestora. Tamén suspenderá o dereito a estancia no estranxeiro por un período, continuado ou non, de ata noventa días naturais como máximo durante cada ano natural, sempre que a saída ao estranxeiro estea previamente comunicada e autorizada pola entidade xestora. Non terá consideración de estancia nin de traslado de residencia a saída ao estranxeiro por tempo non superior a quince días naturais por unha soa vez cada ano, sen prexuízo do cumprimento das obrigacións establecidas. Obtención por tempo inferior a

12 meses, de rendas superiores ao 75% do salario mínimo interprofesional, así como por deixar de reunir por tempo inferior a doce meses o requisito de responsabilidades familiares, cando fose necesario o recoñecemento do dereito.

Continuación

En todos os casos de suspensión, salvo por sanción, o traballador debe solicitar a continuación do dereito ao finalizar a causa que determinou a suspensión.

A continuación supoñerá o dereito a percibir o subsidio por desemprego polo período que lle quedase, sempre que acredite que finalizou a causa da suspensión, que, no seu caso, esa causa constitúe situación legal de desemprego, ou inscrición como demandante de emprego no caso dos traballadores por conta propia ou que se manteñen os requisitos de carencia de rendas ou existencia de responsabilidades familiares.

Os traballadores por conta propia que soliciten a continuación do subsidio de desemprego con posterioridade aos vinte e catro meses dende o inicio da suspensión deberán acreditar que o cesamento na actividade por conta propia ten a súa orixe na concorrencia de motivos económicos, técnicos, produtivos ou organizativos, forza maior determinante do cesamento, perda de licenza administrativa, violencia de xénero, divorcio ou separación matrimonial, cesamento involuntario no cargo de conselleiro ou administrador dunha sociedade ou na prestación de servizos á mesma e extinción do contrato suscrito entre o traballador autónomo economicamente dependente e o seu cliente, todo iso nos termos previstos regulamentariamente.

Se tras o cesamento no traballo por conta propia o traballador tivese o dereito á protección por cesamento de actividade, poderá optar entre percibir esta ou reabrir o dereito á protección por desemprego suspendida. Cando o traballador opte pola prestación anterior, as cotizacións que xeraron aquela prestación pola que non optase non poderán computarse para o recoñecemento dun dereito posterior.

En caso de suspensión por sanción, o dereito renovarase de oficio sempre que o dereito non se atope esgotado e o traballador figure rexistrado como demandante de emprego.



O dereito á continuación nacerá a partir do termo da causa de suspensión sempre que se solicite no prazo dos 15 días seguintes, e a solicitude requirirá a inscrición como demandante de emprego se a mesma non se efectuou previamente, e se considerará o compromiso de actividade, salvo naqueles casos nos que se esixa a subscrición dun novo compromiso.

Se se presenta a solicitude transcorrido o prazo citado, perderanse tantos días de prestación como medien entre a data na que tivese lugar o nacemento do dereito de solicitarse en tempo e forma e aquela en que efectivamente se efectuou a solicitude.

No caso de existir período que corresponda a vacacións anuais retribuídas e non gozadas antes do cesamento, a situación legal de desemprego e o nacemento do dereito producirase unha vez transcorrido devandito período, sempre que se solicite dentro do prazo dos quince días seguintes á finalización do mesmo.

Extinción do subsidio por desemprego

O dereito ao subsidio por desemprego extinguese polas causas seguintes:

- Esgotamento do período recoñecido.
- Traslado de residencia ou estancia no estranxeiro do traballador, salvo nos casos de suspensión.
- Falecemento do beneficiario.
- Que o beneficiario pase a ser perceptor dunha pensión por xubilación ou incapacidade (total, absoluta ou gran



invalidez), podendo en caso de incapacidade optar entre unha ou outra prestación.

- Realización dun traballo por conta allea de duración igual ou superior a doce meses, ou dun traballo por conta propia de duración igual ou superior a sesenta meses no suposto de traballadores por conta propia que causan alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou no Réxime Especial dos Traballadores do Mar.
- Cumprimento por parte do beneficiario da idade ordinaria de xubilación, salvo que non teña dereito á pensión por esta continxencia ou se trate de supostos de suspensión de relacións laborais ou redución de xornada autorizadas por resolución administrativa.
- Renuncia voluntaria ao dereito.
- Obtención de rendas cuxa contía supere o 75 % do Salario Mínimo Interprofesional, durante un período de tempo igual ou superior a 12 meses.
- Deixar de reunir o requisito de responsabilidades familiares, cando este fose necesario para o recoñecemento do dereito, durante un período de tempo igual ou superior a 12 meses.
- Imposición de sanción nos termos previstos na Lei sobre Infraccións e Sancións na Orde Social.

RELACIÓN DAS DIRECCIÓNS PROVINCIAIS



INSTITUTO SOCIAL
DE LA MARINA

DIRECCIÓN PROVINCIAL	DIRECCIÓN	C.P.	POBLACIÓN	TELÉFONO
ALICANTE	C/ Faro de Santa Pola, 2	03001	Alicante/Alacant	96 512 65 23
ALMERIA	C/ Puerto Pesquero, s/n	04002	Almería	95 062 02 11
ILLES BALEARS	C/ Moll Vell, 15	07012	Palma de Mallorca	97 172 56 06
BARCELONA	C/ Albareda, 1 - 13	08004	Barcelona	93 443 96 00
BIZKAIA	C/ Virgen de Begoña, 32	48006	Bilbao	94 473 90 00
CÁDIZ	Avda. de Vigo, s/n	11006	Cádiz	95 625 17 04
CANTABRIA	Avda. de Sotileza, 8	39009	Santander	94 221 46 00
CARTAGENA	C/ Muelle Alfonso XII, s/n	30202	Cartagena	96 850 20 50
CASTELLÓN	Pl. Miquel Peris i Segarra, s/n	12100	Catellón de la Plana /Castelló de la Plana	96 428 30 72
CEUTA	C/ Muelle Cañonero Dato, 20	51001	Ceuta	95 650 02 40
GIJÓN	C/ Celestino Junquera, 19	33201	Gijón	98 532 72 00
GIPÚZKOA	C/ Hermanos Otamendi, 13	20014	Donostia San Sebastián	94 348 32 00
HUELVA	Avda. Hispanoamérica, 9	21001	Huelva	95 925 74 11
A CORUÑA	C/ Ramón y Cajal, 2	15006	A Coruña	88 190 98 00
LAS PALMAS	C/ León y Castillo, 322	35007	Las Palmas de Gran Canaria	92 849 46 45
LUGO	C/ Rda. Músico Xosé Castiñeiras, 10 - bajo	27002	Lugo	98 222 50 10
MADRID	C/ Churruca, 2	28004	Madrid	91 591 99 00
MÁLAGA	C/ Pasillo del Matadero, 4	29002	Málaga	95 235 93 61
MELILLA	Avda. de la Marina Española, 7	52001	Melilla	95 176 43 00
TENERIFE	Avda. de Anaga, s/n	38001	Sta. Cruz de Tenerife	92 259 89 00
SEVILLA	C/ Fernando IV, 1	41011	Sevilla	95 428 60 28
TARRAGONA	C/ Francesc Bastos, 19	43005	Tarragona	97 719 10 00
VALENCIA	Av. del Port, 300	46024	Valencia	96 335 99 00
VIGO	Avda. Orillamar, 51	36202	Vigo	98 621 61 00
VILLAGARCIA	C/ Alejandro Cerecedo 8	36600	Vilagarcía de Arousa	98 656 83 00



**INSTITUTO SOCIAL
DE LA MARINA**

*"Publicación incluida en el programa editorial del Ministerio de
Inclusión, Seguridad Social y Migraciones
(Real Decreto 2/2020, de 12 de enero)".*



GÉNOVA, 24 • 28004 MADRID
TEL.: 91 700 66 26 - FAX.: 91 700 68 19
Código DIR3: EA0021262
sscc.seguridadsocial.ism@seg-social.es

